

CONVENIO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, e

Doutra, Don Jesús Dieste Navazas, representante da ASOCIACIÓN CULTURA DE BAR, con CIF G94196805, e domicilio en Vilagarcía de Arousa.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN: Existe por un lado a lexislación autonómica, “Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia” e o “Decreto 11/ 2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007”. Por outro lado aplícase a lexislación estatal nos seus preceptos básicos: “Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións” e o “Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003” .

Segundo: Acredítase o interese público, social e económico da subvención, destinada a:

- Promocionar Vilagarcía como cidade para a celebración de eventos de calidade no que participen os distintos axentes dun sector. Neste caso, o do viño coa presenza de bodegueiros, sumilleres, enólogos, distribuidores ou mesmo e simplemente, amantes desa cultura.
- Apoiar o mundo empresarial vinculado co viño en Vilagarcía, que está en continuo crecemento como o acredita a plantación de novas superficies de viñado.
- Difundir os atractivos turísticos en xeral de Vilagarcía, que se consegue polas diferentes noticias que xera a feira Castes nos medios de comunicación e nas redes



sociais. Nesta edición, a celebración do 1º festival Castle Musical contribuirá, aínda máis, a consecución deste obxectivo.

Terceiro: : A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrencia **por tratarse** dunha actividade, a VII FEIRA DO VIÑO INDEPENDENTE CASTES, realizada por unha única entidade, a ASOCIAIACIÓN CULTURA DE BAR. e pola súa propia iniciativa.

Cuarto: Quedará acreditado o interese público, social, económico ou humanitario da subvención a través da memoria explicativa das actividades da entidade dentro do termo municipal.

Quinto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

CLAUSULAS:

Cláusula I- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente subvención ten por obxectivo O FOMENTO DE VILAGARCÍA DE AROUSA COMO LUGAR IDÓNEO PARA A CELEBRACIÓN DE EVENTOS CULTURAIS OU PROMOCIONAIS, que provocan a chegada á nosa cidade dunha grande cantidade de público nuns casos ou de determinados colectivos ou especialistas vinculados a un produto, e que xera un forte impacto económico.

Cláusula II- DEVENGO

A actividade a subvencionar é a celebración da FEIRA DO VIÑO INDEPENDIENTE CASTES, dende o 6 de novembro de 2024 ata o 26 do mesmo mes, concedéndose a cantidade de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 432.489.



Cláusula III-

O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é o Alcalde-Presidente ou a X.G.L. por delegación.

Cláusula IV-

O Beneficiario comprométese a destina-la devandita subvención para realiza-la actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.

Cláusula V- TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONS E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO: A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección **<https://vilagarcia.cluber.es>** na que terán a súa disposición os **Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e na que, obrigatoriamente, deberán subir toda a documentación que, unha vez validada, xerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberán ser asinados dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Cláusula VI- INICIO PROCEDIMENTO:

Para o inicio do procedemento de concesión da subvención é preceptivo que o Beneficiario presente no Rexistro electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a solicitude correspondente xunto con un proxecto do que pretende realizar que conterá unha estimación global de gastos e ingresos. A continuación o Departamento tramitará a solicitude ao órgano de aprobación que corresponda xunto cunha proposta, informe se procede e borrador do convenio. Unha vez aprobada a tramitación da subvención, o departamento remitirá á entidade un borrador do convenio que deberán presentar asinado electronicamente xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2024 (modelo anexo I). Presentarase no prazo máximo dunha semana a contar dende a recepción do modelo do convenio.

Posteriormente o departamento presentará a documentación anterior asinada polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, ao órgano correspondente, para a aprobación da concesión da subvención.



Cláusula VII- PAGO:

O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLÁUSULA IX E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA X)

Cláusula VIII- PRAZO XUSTIFICACIÓN:

A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando conten con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto elixible do 16 de outubro de 2023 ao 5 de decembro de 2024).

A data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 15 de decembro de 2024

Cláusula IX- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
 - Introducción/ Xustificación
 - Obxectivos
 - Programación: actividades/servizos desenvolvidos
 - Persoas destinatarias/beneficiarias
 - Temporalización
 - Recursos utilizados (humanos e materiais)
 - Avaliación e conclusións



2. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:

- Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
- Relación detallada dos ingresos/compromisos de ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.

3. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).

4. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de 2023 ata o 5 de decembro de 2024 (ou segundo o período de devengo establecido).

a) Como mínimo conterán:

- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición detallada (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desagregue do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Esta desagregación recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 1.000 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo



que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.

- No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberán aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:

1. “pagado” ou “recibín”,
2. data do pago
3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
4. Selo da empresa.

6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:

- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
- De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.

8. Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación.

9. Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social. Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

10. Certificación bancaria do número de conta.

11. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.



12. Fotocopia do NIF da entidade.
13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.

Unha vez finalizado o exercicio 2024, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

Cláusula X- FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DO CONCELLO

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- Un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada.
- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula **IX** do presente convenio e no mesmo orden en que piden.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III)
- Un pdf coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da



relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Un pdf coa listaxe de facturas entregadas ou a entregar noutras Administracións Públicas (Anexo IV), e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

Cláusula XI- O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.

Cláusula XII- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.



Cláusula XIII- O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

Cláusula XIV- CAUSAS DE REINTEGRO

Cláusula XV- Unha vez aprobada a concesión da subvención, darase publicidade á axuda concedida no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal) así como na Base de Datos Nacional de Subvencións polos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA

1. Consideranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do período xa establecido neste convenio e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervenientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data da sinatura dixital.